

# A escrita órfica de Luís Valle

ARMANDO REQUEIXO  
armandorequeixo@hotmail.com



**ÓSTRAKA**  
LUÍS VALLE  
Editorial Galaxia  
15 euros

itinerario poético de Luís Valle foi describindo unha curva ascensional que o levou a situarse entre os creadores mellor considerados dos últimos anos. Libros como *A caída* (2009), *Fedor* (2011), *Caderno do mendigo* (2011), *As cicatrices do sol* (2015), *Trona, o merlo* (2015) ou *Para que eu beba* (2017) confirman a solidez e fondura dunha estética literaria que se conta entre as máis orixinais desta hora.

En realidade Valle é autor dun Libro Único que reescribe e fractaliza, reperfila e deriva, implementa e complementa volume tras volume e que, nesta altura, cobra forma baixo o título de *Óstraka*, o poemario que agora aparece integrado na referencial colección Dombate da decana Editorial Galaxia.

*Óstraka* é un poemario órfico, un canto á disolución da memoria, á perda da conciencia tanto individual coma colectiva, un ichó de baleiros infindos e silencios devastadores nos que o papel da linguaxe, da escrita, das palabras é xustamente facer do poema un territorio para a restauración dos "fragmentos da memoria".

Tal un novo Orfeo, Valle desprega unha certa artillería versal que dispara un visionarismo oracular de novo selo, afirmado no profundar do espírito e na procura do almar e o plexo de ánimas coa correspondente Eurídice amada, ora ausente ou distante ora en gozosa fusión de corpos, en todo caso un Eros sempre antídoto da témera soidade.

Os poemas de *Óstraka* abalan no Tempo da memoria, no fatigar dos recordos que cómpre recompor e institúen un Espazo dúplice, que por voltas é dun urbanita despersonalizado ou dos ecos dunha lacra de holocaustos, mais noutras ocasións é un regreso aos eidos propios de Lugo e a Terra Chá, á orixe das orixes, á familia e a matria da estirpe, á raiceira telúrica: "[...] Metín a man na terra/ e chorei por riba do teu tempo/ reloxos de area/ para sempre/ e finisimas/ agullas de neve [...]".

Admira a densidade conceptual de *Óstraka*, a súa alta simboloxía que estratifica o poema en capas superpostas de herdos textuais e civilizacionais que cómpre decodificar para unha correcta comprensión das mensaxes. Convén unha buxola amiga para navegar neste embravecido océano de símbolos que Valle informa, onde comparecen o deserto da revelación, o merlo da prognose,



Luís Valle asinando o seu novo libro

o sol da epifanía, a árbore de entre mundos, o bosque no que a vida se calcina, as fiestras que unen e arredan, o espello do Aquén e do Alén. Tamén os versículos da herdanza xudeo-cristiá nos que ancoran os xardíns todos, os paraísos e edéns, o Creador, a Luz suprema e o Ceo do seu rostro cos seus correspondentes reversos: o Mal co seu exército de sombras e todos os descensos *ad inferos*, mesmo os seres da mediación anxelical.

Este macrotexito que Valle leva anos escribindo osmotiza as tradicións máis variadas, o que dá razón nos seus versos da presenza dos poetas esencialistas e metafísicos (poño por caso, Edmond Jabès ou Alejandra Pizarnik) ata as alusións á Antigüidade clásica (velaí Alceo ou Aristeo), pasando polas nosas voces (Ramiro Fonte, Uxío Novone-

yra, Xosé María Díaz Castro ou Lupe Gómez) e as referencias cultas (centro) europeas dun Angelus Silesius ou un Kafka, entre moitas outras.

Percorrer os versos de *Óstraka* é deixarse abraiar por unha dicción fragmentaria de versos cortados a cantil, con particións silábicas imposibles e claudátors con elisións abismais. E, en fin, respirar polos intersticios do silencio, recuperar a memoria a través dos anacos que a linguaxe ponteja para nós, interpretar cada ostracum que nos é dado e volver facer nosas as pezas dun puzzle de vida, de vidas que temos que reconstruír dende un presente ardido onde "[...] apouvíga o cerebro treme-lante/ unha miserenta luz sen plan/ coa mágoa/ afanada da claridade [...] Seca/ como o sangue seco/ sobre a sombra das grandes preguntas/ a este lado/ do esquecemento [...]".